

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Corrección de erros en bases de selección de persoal laboral temporal para determinadas categorías de postos de traballo do Concello de Betanzos

Por decreto da Alcaldía n.º 1367/2020, de data 30/12/2020, acordouse:

Corrección de erros das bases para a selección de persoal laboral temporal para determinadas categorías de postos de traballo do Concello de Betanzos, adscritas a servizos prioritarios ou esenciais, mediante a constitución dunha Bolsa de Emprego Público Temporal para o período de tempo comprendido entre os anos 2020 e 2022, publicadas no Bop n.º 177 do xoves 22 de outubro de 2020.

Advertidos erros, así como omisión das titulacións esixidas na especialidade de guitarra, nas bases para a selección de persoal laboral temporal para determinadas categorías de postos de traballo do Concello de Betanzos, adscritas a servizos prioritarios ou esenciais, mediante a constitución dunha Bolsa de Emprego Público Temporal para o período de tempo comprendido entre os anos 2020 e 2022, proceder á rectificación das mesmas no seguinte sentido:

1. Base cuarta.d).

Onde se dí: “Estar en posesión (ou en condicións de obtelas na data en que remate o prazo de presentación de instancias), dalgún dos títulos oficiais da especialidade musical á que se opta, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente, dos seguintes:

- Especialidade de clarinete: título superior de clarinete (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de clarinete (plan de 1966); título profesional de clarinete (plan de 1942); título superior de saxofón (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de saxofón (plan de 1966); título profesional de saxofón.
- Especialidade de violín: título superior de violín (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de violín (plan de 1966); título profesional de violín (plan de 1942); título superior de viola (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de viola (plan de 1966); título profesional de viola.
- Especialidade de piano: título superior de piano (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de piano (plan de 1966); título profesional de piano (plan de 1942); (plan de 1942); título superior de jazz, instrumento principal: piano (LOXSE); título superior de clave (LOXSE); de profesor superior, ou de profesor, de clave (plan de 1966); título profesional de clave.
- Especialidade de tuba: título superior de tuba (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de tuba (plan de 1966); título profesional de tuba (plan de 1942); título superior de trombón (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de trombón (plan de 1966); título profesional de trombón.
- Especialidade de iniciación á música: título superior en calquera especialidade instrumental ou equivalente”.

O correcto é: “d) Estar en posesión (ou en condicións de obtelas na data en que remate o prazo de presentación de instancias), dalgún dos títulos oficiais da especialidade musical á que se opta, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente, dos seguintes:

- Especialidade de clarinete: título superior de clarinete (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de clarinete (plan de 1966); título profesional de clarinete (plan de 1942); título superior de saxofón (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de saxofón (plan de 1966); título profesional de saxofón; ou titulación equivalente, entendendo por tal: título superior de música, especialidade Interpretación (itinerario clarinete) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía do clarinete); título de graduado/a en música, especialidade interpretación (itinerario clarinete) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía do clarinete) -Real decreto 631/2010, do 14 de maio-; título superior de música, especialidade clarinete ou especialidade pedagogía (opción pedagogía do clarinete) -Real decreto 617/1995, do 21 de abril-; título de profesor superior, especialidade clarinete; título de profesor, especialidade clarinete -Decreto 2618/1966, do 10 de setembro; e calesquera outras que habiliten para a impartición da docencia na especialidade consonte as disposicións legais e regulamentarias de aplicación”.

- Especialidade de violín: título superior de violín (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de violín (plan de 1966); título profesional de violín (plan de 1942); título superior de viola (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de viola (plan de 1966); título profesional de viola; ou titulación equivalente, entendendo por tal: título superior de música, especialidade interpretación (itinerario violín) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía do violín); título de graduado/a en música, especialidade interpretación (itinerario violín) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía do violín), -Real decreto 631/2010, do 14 de maio-; título superior de música, especialidade violín ou especialidade pedagogía (opción pedagogía da viola), -Real decreto 617/1995, do 21 de abril-; título de profesor superior, especialidade violín; título de profesor, especialidade violín, -Decreto 2618/1966, do 10 de setembro-; e calesquera outras que habiliten para a impartición da docencia na especialidade consonte as disposicións legais e regulamentarias de aplicación”.
- Especialidade de piano: título superior de piano (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de piano (plan de 1966); título profesional de piano (plan de 1942); título superior de jazz, instrumento principal: piano (LOXSE); título superior de clave (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de clave (plan de 1966); título profesional de clave; ou titulación equivalente, entendendo por tal: título superior de música, especialidade interpretación (itinerario piano) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía do piano); título de graduado/a en música, especialidade interpretación (itinerario piano) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía do piano), -Real decreto 631/2010, do 14 de maio-; título superior de música, especialidade piano ou especialidade pedagogía (opción pedagogía do piano), -Real decreto 617/1995, do 21 de abril-; título de profesor superior, especialidade piano; título de profesor, especialidade piano, -Decreto 2618/1966, do 10 de setembro-; e calesquera outras que habiliten para a impartición da docencia na especialidade consonte as disposicións legais e regulamentarias de aplicación”.
- Especialidade de tuba: título superior de tuba (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de tuba (plan de 1966); título profesional de tuba (plan de 1942); título superior de trombón (LOXSE); título de profesor superior, ou de profesor, de trombón (plan de 1966); título profesional de trombón, (Plan de 1942); ou titulación equivalente, entendendo por tal: título superior de música, especialidade interpretación (itinerario tuba) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía da tuba); título de graduado/a en música, especialidade interpretación (itinerario tuba) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía da tuba), -Real decreto 631/2010, do 14 de maio-; título superior de música, especialidade tuba ou especialidade pedagogía (opción pedagogía da tuba), -Real decreto 617/1995, do 21 de abril-; título de profesor superior, especialidade tuba; título de profesor, especialidade tuba, -Decreto 2618/1966, do 10 de setembro-; e calesquera outras que habiliten para a impartición da docencia na especialidade consonte as disposicións legais e regulamentarias de aplicación”.
- Especialidade de iniciación á música: título superior en calquera especialidade instrumental; ou titulación equivalente, entendendo por tal: título de maestro, especialidade educación musical; grao en maestro en educación primaria ou infantil, con mención en música; título de profesor superior, especialidade de pedagogía musical; título de grao profesional ou superior de música (ou equivalente) en calquera especialidade instrumental; grao en historia e ciencias da música ou equivalente; e calesquera outras que habiliten para a impartición da docencia na especialidade consonte as disposicións legais e regulamentarias de aplicación”.
- Especialidade de guitarra: Estar en posesión (ou en condicións de obtelas na data en que remate o prazo de presentación de instancias), dalgún dos títulos oficiais da especialidade musical á que se opta, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente, dos seguintes: título superior de música, especialidade interpretación (itinerario guitarra) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía da guitarra); título de graduado/a en música, especialidade interpretación (itinerario guitarra) ou especialidade pedagogía (itinerario pedagogía da guitarra), -Real decreto 631/2010, do 14 de maio-; título superior de música, especialidade guitarra ou especialidade pedagogía (opción pedagogía da guitarra), -Real decreto 617/1995, do 21 de abril-; título de profesor superior, especialidade guitarra; título de profesor, especialidade guitarra, -Decreto 2618/1966, do 10 de setembro-; e calesquera outras que habiliten para a impartición da docencia na especialidade consonte as disposicións legais e regulamentarias de aplicación.

2. Base novena, apartado 1, parágrafos a), b) e c).

Onde se di:

“a) Servizos prestados na mesma categoría (profesor, especialidade de percusión) na Administración Local: 0,10 puntos por cada mes completo.

b) Servizos prestados mesma categoría (profesor, especialidade de percusión) en calquera outra administración pública: 0,08 puntos por cada mes completo.

c) Servizos prestados mesma categoría (profesor, especialidade de percusión) en centros, entidades ou empresas: 0,06 puntos cada mes completo”.

O correcto é:

“a) Servizos prestados na mesma categoría (profesor, especialidade á que se opte) na Administración Local: 0,10 puntos por cada mes completo.

b) Servizos prestados mesma categoría (profesor, especialidade á que se opte) en calquera outra administración pública: 0,08 puntos por cada mes completo.

c) Servizos prestados mesma categoría (profesor, especialidade á que se opte) en centros, entidades ou empresas: 0,06 puntos cada mes completo”.

Conceder un novo prazo de (10) dez días hábiles para a presentación de novas solicitudes así coma aportación de documentación complementaria das xa presentadas no prazo anterior.

Betanzos, 4 de xaneiro de 2020.

A alcaldesa

María Barral Varela

2021/1